A Coruña de Francisco Miguel e Syra Alonso

roteiro turístico e de memoria

UN TAMDEN ARTÍSTICO INTERNACIONAL DE ORIXE CORUÑÉS

rancisco Miguel Fernández Díaz (A Coruña 1897-Bértoa (Carballo) 1936) e **Syra Alonso Brufau** (A Coruña 1899-Cidade de México 1970) formaron unha parella de artistas singular. El destacou como asiduo nos faladoiros culturais da época, así como libreiro, colaborador e director artístico de revistas vangardistas, creador de batiks e pintor. Ela foi unha muller culta, escritora e testamenteira, ata a súa morte no exilio mexicano, da memoria e da obra do pintor, tras o seu asasinato a mans das novas autoridades golpistas, poucos meses despois do Golpe de Estado de 1936.

Viviron en Cambre, Oleiros, Madrid, dúas veces no París vangardista e tamén no México dos Contemporáneos, pero A Coruña foi sempre a ancoraxe primeira e principal, a das súas orixes: aquí naceron, aquí se formaron, aquí teceron amizades, aquí expuxeron… e aquí sufriu Francisco Miguel cativerio. Esa Coruña convulsa de 1936 a 1942 converteríase, nos Diarios de Syra, na protagonista involuntaria dunha das máis importantes crónicas sobre a represión franquista en España.

UN ESTILO ARTÍSTICO CAMBIANTE

Nos primeiros anos vinte, Francisco Miguel desenvolveu unha linguaxe afín á modernidade que se espalla polas revistas ultraístas, interesado por captar o ritmo e o dinamismo de influxo futurista, así como polas tendencias formais planimétricas.

Despois de 1923, sobre todo a raíz da súa estadía en París, acentúanse os aspectos decorativos na súa obra cunha tendencia cara a unha arte ligada á volta á orde, con debuxos de corte clasicista.

A partir da estadía en México, entre 1926 e 1933, vai situarse nos presupostos dunha figuración que entra en diálogo co expresionismo e co surrealismo europeo.

RAMON ALONSO MOYSE
Almacén de hierros, metales, aceros, metales y ferretería en general. Telegramas y telefonmeas: Ramón Alonso. Teléfono 486. Plaza de Lugo, 14 y Betanzos, 1. La Coruña.

GRANDES ALMACENES DE VINOS
PLAZA DE ORENSE, 3 Y 4
D. ROMAN MORATINOS

AGUAFUERTES
REPRODUCCIONES DE CUADROS Y ESCULTURAS
GRABADOS - LIBROS - POSTALES
FILATELIA
LIBRERÍA :: DE :: ARTE
(ANTES P. CUÉ Y C.ª)
REAL, 45 LA CORUÑA

SASTRERIA
HUICI
Cantón Pequeño, 1
LA CORUÑA

INFANCIA E FORMACIÓN (1897-1917)

Praza de Ourense, 4

O 25 de setembro de 1897, ás 23:30 horas, nace Francisco Miguel no primeiro andar do número 4 da praza de Ourense. Foi rexistrado como *"fillo natural de pais incógnitos"*. A familia residiu aquí ata que el cumpriu nove anos. O seu pai, Román Moratinos Ventosa, rexentará un prolífico e reputado negocio de venda de viños no baixo.

Rúa San Andrés, 116

En 1906 o pai de Francisco Miguel, xa xubilado, solicita licenza para engadir un ático ao edificio 146 da rúa San Andrés (hoxe 116), proxecto que firmará o arquitecto Julio Galán. O pintor vivirá aquí cos seus pais e irmás ata o casamento con Syra en 1920.

O edificio foi reformado con posterioridade, alterando a estética de 1906.

Circo de Artesáns- ***Rúa San Andrés 36***

O Circo de Artesáns era a principal institución cultural e recreativa da cidade. En 1907 Francisco Miguel e a súa irmá Adela figuran na lista do baile infantil desta sociedade, que hoxe sigue existindo no mesmo punto mais nun edificio novo, despois de que a sede orixinal fora demolida en 1975.

Praza de Lugo, 14

A familia de Syra foi progresando economicamente nestes anos. Por iso mudarían varias veces a vivendas mellores.

En 1921 Ramón Alonso Moyse, pai de Syra, decide deixar o traballo por conta allea e abre unha ferretaría propia na céntrica Praza de Lugo, que terá un grande éxito.

A VANGARDA CORUÑESA (1917-1923)

Café La Peña- ***Rúa Real 34***

Café que nos anos 20 do século pasado foi un punto de encontro da vangarda coruñesa. Aquí tiñan un faladoiro os intelectuais, escritores e artistas —entre eles Francisco Miguel— que impulsaron e colaboraron en revistas como *Vida*, *Alfar*, *Luz* ou *Ronsel*, entre outras. Hoxe non quedan vestixios del.

Libraría de Arte (antes P.Cué & Cía.)- ***Rúa Real, 49***

En 1917, Francisco Miguel e Próspero Cué abren a libraría *P. Cué& Cía*. En 1920 pasa a chamarse *Libraría de Arte*, aínda que pecha a finais dese ano. Na súa trastenda reuníanse os editores da revista *Vida*.

Actualmente non quedan pegadas da libraría.

Oficinas da revista Alfar- ***Rúa Real, 22***

Fundada en 1923, Alfar foi unha das revistas literarias e artísticas máis prestixiosas da época, con colaboracións de Gabriela Mistral, Dalí, Machado, Alberti, Borges, Max Aub, Castelao, Huici e o propio Francisco Miguel. No baixo do edificio existe unha placa conmemorativa da revista.

Stolperstein* de Juan González del Valle-** ***Rúa Padre Feijoo, 3

Intelectual, asiduo do faladoiro do Café La Peña e director de Alfar. Publicou varios artigos sobre Francisco Miguel, quen lle faría un retrato para un artigo da revista *Casa-América Galicia*. Foi asasinado no Castelo de Hartheim o 26 de setembro de 1941. O *stolperstein* atópase no chan.

A PARELLA E O MUNDO (1920-1935)

Igrexa de San Cristovo das Viñas- ***Rúa San Cristovo das Viñas, 19***

O 19 de novembro de 1920, ás 7:30 da mañá, Francisco Miguel e Syra Alonso contraen matrimonio nesta igrexa. De seguido parten de lúa de mel cara a París, onde residirán ata setembro de 1921.

Kiosko Alfonso- ***Xardíns de Méndez Núñez, 3***

Hoxe sala de exposicións. No restaurante que antigamente había na planta superior, celebrouse en 1923 o xantar de despedida de Francisco Miguel e Syra, antes de que partisen por segunda vez para París, onde vivirían entre 1923 e 1924.

Atlantic Hotel- ***Xardíns de Méndez Núñez S/N***

De volta a Galicia en 1924, Francisco Miguel expón aquí os seus batiks entre o 12 e o 25 de agosto, cun grande éxito en vendas e críticas. O hotel orixinal foi derrubado en 1967 para dar paso ao actual edificio que acubilla unha hospedaxe homónima.

Sastrería de Luis Huici- ***Edificio Banco Pastor, Cantón Pequeno, 1***

En 1926 Huici instala unha xastrería no entrechán do Banco Pastor. Alí celebrábase un parladoiro ao que asistía Francisco Miguel á volta de Madrid en 1935. Syra relata a súa visita á nai e á esposa de Huici tralo asasinato deste.

A CRÓNICA DA REPRESIÓN CORUÑESA

O 20 de xullo de 1936, tres días despois do inicio do golpe de Estado en África, as forzas armadas subleváronse na cidade e, malia o intento de resistencia do movemento obreiro, en poucas horas fanse de facto co poder da cidade, ao controlar os edificios estratéxicos (Concello, Goberno Civil, Telefónica...) e deter as principais autoridades da República na Coruña.

Mais estas autoridades golpistas carecían de apoio popular polo que, para consolidar ese poder, comezaron unha intensa represión espallando na poboación o medo a opoñerse a eles e neutralizando a todo aquel que consideraban unha ameaza para a súa supervivencia. Así, arredor de oitocentas persoas serán sancionadas ou detidas arbitrariamente no cuartel da Garda Civil, no da Falanxe ou na Prisión da Torre. Un grande número delas serán condenadas a morte tras xuízos amañados ou asasinadas extraxudicialmente.

Francisco Miguel será unha das víctimas desta represión; detido en dúas ocasións, acusado falsamente de liderar unha revolta de labregos contra o exército, foi asasinado extraxudicialmente xunto con outras tres personas o 29 de setembro de 1936, aparecendo os seus corpos en Bertoa(Carballo).

En 1938 Syra comezará a escribir uns *Diarios*, onde contará con gran precisión, a súas vivenzas e inquedanzas dende o momento que o seu home é detido, ata que chega exiliada a Veracruz cos seus fillos en 1942, convertindose nunha crónica arrepiante dun grande número de sucesos relacionados coa represión na cidade da Coruña e a súa contorna.



A CORUÑA DA REPRESIÓN (1936-1942)

Praza das Bárbaras- ***Praza de Santa Bárbara S/N***

Syra fala desta praza cando narra o seu derradeiro paseo con Francisco Miguel, o día antes da súa detención pola Brigada Social. Evoca tamén os días nos que o pintor acudía á praza con Huici, Casal e Ferrant para recitar poesía.

Xardín de San Carlos- ***Xardín de San Carlos***

Syra confesa nos Diarios que este era o xardín favorito de ámbolos dous. Aquí pasearon xuntos por derradeira vez o 18 de setembro de 1936, mentres falaban da guerra, da pintura e do desexo de Francisco Miguel de seguir creando.

Fonda de Josefa Gundín- ***Rúa Francisco Mariño, 10***

Trala liberación do pintor o 15 de agosto de 1936, a parella agóchase nesta fonda á espera de poder embarcar rumbo a México no vapor Orinoco, o cal estaba previsto que acontecese o 3 de outubro.
O 19 de setembro a Brigada Social irrompe no hostal e deteno novamente.
O edificio foi derruído.

Comisaría de Vixilancia- ***Caleixón Agar***

O lateral do Teatro Rosalía foi sede temporal da Brigada Social. Syra Alonso agardou aquí a saída de Francisco Miguel durante sete horas, apoiada no limiar da porta, hoxe tapiada, mentres vía chegar as persoas que ían declarar contra o seu home e era obxecto das burlas dos axentes.

Cárcere da Coruña- ***Paseo Marítimo, 43***

Francisco Miguel será trasladado a esta prisión nas dúas detencións. Na primeira parte dos Diarios Syra relata as súas visitas constantes —e os atrancos que lle poñen— para poder estar con el. Será o último lugar onde o vexa con vida. Hoxe permanece pechado e sen uso.

Asociación de artistas- ***Rego de Auga, 32***

Pechada en 2015, hoxe non quedan pegadas da antiga actividade deste espazo que en 1935 acolleu a última exposición en vida de Francisco Miguel. En 1941 Syra tentou organizar aquí unha mostra póstuma coa obra do pintor, pero foi prohibida por orde gobernativa o mesmo día da inauguración.

Estación de FF.CC do Norte- ***Rúa Caballeros, 21***

No ano 1941 o fillo maior da parella é chamado a cumprir o servizo militar. Syra interpreta como unha humillación que sirva no exército que matara ao pai, polo que decide exiliarse para evitalo. Así, en maio de 1942, Syra e os fillos saen da antiga estación de FF.CC do Norte rumbo a Lisboa. Syra nunca máis volveu á Coruña.

Sepultura de Francisco Miguel- ***Cemiterio de Santo Amaro***

Asasinado o 29 de setembro de 1936, o seu corpo foi soterrado nunha foxa común en Bértoa (Carballo).
Recuperado pola ARMH en 2023, foi inhumado solemnemente no cemiterio de Santo Amaro o 29 de setembro de 2025, o que supón o regreso definitivo á súa cidade.